



ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LICENZA POLA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

OBXECTO

Artigo 1º

O obxecto desta ordenanza é a regulación da tenencia de animais potencialmente perigosos para facela compatible coa seguridade de persoas e bens e doutros animais, de conformidade co establecido pola Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, o Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, o Decreto 90/2002, do 28 de febreiro da Consellería de Medio Ambiente, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma, o Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade da Xunta de Galicia, que a desenvolve.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 2º

Esta ordenanza será de aplicación a toda persoa física ou xurídica que se relacione de forma permanente, ocasional ou accidental con animais considerados potencialmente perigosos, no termo municipal de San Cibrao das Viñas.

DEFINICIÓN

Artigo 3º

Consideraranse animais potencialmente perigosos todos aqueles que pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, e convivindo no contorno humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles de ocasionar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais, ou de producir danos de certa entidade ás cousas.

Entenderase por cans potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das condicións seguintes:

- a) Cans que tiveran algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas.
- b) Cans que foran adestrados para a garda e defensa.
- c) Cans que, polas súas características raciais, puidesen ser aptos para o adestramento, para a garda e defensa e en concreto os pertencentes ás razas seguintes: American Staffors, Hire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Dobermann, Dogo arxentino, Dogo de Burdeos, Dogo do Tibet, Fila brasileiro, Mastin napolitano, Presa canario, Presa



mallorquin (Ca de Bou), Rottweiler, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu. Tamén serán considerados neste apartado os cruces en primeira xeración destas con outras razas, obtendo unha tipoloxía similar a algunha das razas anteriormente descritas.

d) Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. A dita agresividade será apreciada pola autoridade competente, de oficio ou logo de notificación ou denuncia e tras o informe previo dun adestrador ou veterinario nomeados para o efecto.

LICENZA

Artigo 4º

A tenencia dos animais referidos no artigo anterior requirirá a obtención previa dunha licenza administrativa, que será outorgada polo Concello do municipio de residencia do solicitante, ou tras a constancia previa deste Concello, polo Concello no que se realice a actividade de comercio ou adestramento.

A) A solicitude de licenza presentaraa o interesado no Rexistro Xeral da Casa do Concello, previamente á adquisición, posesión ou custodia do animal, salvo que a súa tenencia fora anterior á entrada en vigor desta ordenanza e nos supostos de cambio de residencia do seu responsable.

Xunto á solicitude, na que se identificará claramente o animal para que o que se require a licenza, o interesado deberá presentar a seguinte documentación, en orixinal ou copia autenticada:

- (a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de estranxeiro do solicitante, cando se trate de persoas físicas ou empresarios individuais, cando se trate de persoas xurídicas, do representante legal.
- (b) Escritura de poder suficiente, se se actúa en representación doutra persoa.
- (c) Escritura de constitución da entidade xurídica e número de identificación fiscal.
- (d) Localización dos locais ou vivendas que haberán de albergar os animais, con indicación das medidas de seguridade adoptadas.
- (e) Non ter sido condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou narcotráfico, así como ausencia de sancións por infraccións en materia de tenencia de animais potencialmente perigosos.

Xustificarse este requisito coa certificación negativa de penais.



(f) Certificado expedido pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, no que se acredite que o posuidor non estea incurso en procedemento de infracción administrativa, moi grave ou grave, en materia de tenencia de animais.

(g) Certificado de capacidade física.

1. Non poderán ser titulares de animais potencialmente perigosos as persoas que carezan das condicións físicas precisas para proporcionar os coidados necesarios ó animal e garantir o seu adecuado manexo, mantemento e dominio.

2. A capacidade física acreditarase mediante o certificado de capacidade física para a tenencia de animais potencialmente perigosos, que se expedirá unha vez superadas as probas necesarias para comprobar que non existe enfermidade ou deficiencia ningunha de carácter orgánico ou funcional, que poida supoñer incapacidade física asociada con:

- a) a capacidade visual
- b) a capacidade auditiva
- c) o sistema locomotor
- d) o sistema neurolóxico
- e) dificultades perceptivo-motoras, de toma de decisións.
- f) Calquera outra afección, trastorno ou problema, que poida supor unha incapacidade física para garantir o adecuado dominio do animal.

(h) Certificado de aptitude psicolóxica.

Este certificado expedirase unha vez superadas as probas necesarias para comprobar que non existe enfermidade ou deficiencia ningunha que poida supor incapacidade psíquica ou psicolóxica, ou de calquera outra limitativa de discernimento, asociada con:

- a) Trastornos mentais e de conduta.
- b) Dificultades psíquicas de avaliación, percepción, toma de decisións e problemas de personalidade.
- c) Calquera outra afección, trastorno ou problema non comprendidos nos parágrafos anteriores, que limiten o pleno exercicio das facultades mentais precisas para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

Os centros de recoñecemento debidamente autorizados, de acordo co disposto no Real decreto 2272/1985, do 4 de decembro, polo que se determinan as aptitudes psicofísicas que deben posuír os condutores de vehículos, emitirán os certificados de capacidade



física e de aptitude psicolóxica, que deberá levar adherida unha fotografía recente do interesado.

Non obstante tamén poden ser emitidos por técnicos facultativos titulares en medicina e psicoloxía respectivamente.

Os certificados terán un prazo de vixencia dun ano, que se contará dende a data da súa expedición.

- (i) Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros pola contía mínima de 125.000 euros.
- (j) No suposto de persoas, establecementos ou asociacións dedicados ó adestramento, cría, venda, residencia ou mantemento temporal de animais, ademais de acreditar a licenza municipal de actividade correspondente, deberán achegar:
 1. Certificado de capacitación expedido ou homologado pola Administración autonómica, no caso de ser adestradores.
 2. Certificado de declaración e rexistro como núcleo zoolóxico pola Administración autonómica, para as persoas titulares de establecementos dedicados á cría ou venda de animais, residencias, escolas de adestramento e demais instalacións para o mantemento temporal de animais.

B) Procedemento de concesión da licenza

Admitida a solicitude e á vista da documentación presentada, o órgano competente (Alcaldía ou órgano delegado) poderá realizar cantas dilixencias estime necesarias en orde a verificar o cumprimento dos requisitos polo solicitante, ben requirindo ó interesado a ampliación, mellora ou aclaración da documentación entregada, ou ben solicitando informes ou ditames ós técnicos ou organismos competentes en cada caso.

Comprobarase a idoneidade e seguridade dos locais ou vivendas que haberán de albergar os animais, mediante a supervisión dos servizos técnicos do concello.

O facultativo competente consignará os resultados da súa inspección expedindo un informe que describa a situación do inmovible, e, de se-lo caso, as medidas de seguridade que sexa necesario adoptar nel e o prazo para a súa execución.

Do dito informe darase traslado ó interesado para que execute as obras precisas ou adopte as medidas consignadas no informe técnico, no termo que nel se estableza, decretándose a suspensión do prazo para ditar resolución ata tanto se certifique o seu cumprimento.

A autoridade municipal poderá inspeccionar en calquera momento os recintos onde se albergue esta clase de animais e ordenar, tras a tramitación do oportuno expediente, a adopción de calquera medida destinada a evitar que causen danos ou molestias a terceiros.



Correspóndelle a Alcaldía ou o órgano delegado, á vista do expediente tramitado, resolver, de forma motivada, sobre a concesión ou denegación da licenza. A dita resolución deberá notificárselle ó interesado no prazo máximo dun mes, contado dende a data na que a solicitude tivese entrada no Rexistro do Concello.

Cada licenza expedida será rexistrada e dotada dun número identificativo.

Se se denegase a licenza a un solicitante que estivera en posesión dun animal potencialmente perigoso, na mesma resolución denegatoria adoptárase a obriga do seu posuidor de entregalo inmediatamente en depósito nas instalacións de recollida de animais abandonados.

A licenza terá un período de validez de 5 anos, podendo ser renovada por períodos sucesivos de igual duración. Non obstante, a licenza perderá a súa vixencia no momento en que o titular deixe de cumprir calquera dos requisitos establecidos para a súa obtención. Calquera variación dos datos que figuran na licenza deberá ser comunicada polo seu titular no prazo de quince días, contados dende a data na que se produza, ó órgano competente do municipio ó que corresponde a súa expedición.

A intervención, medida provisional ou suspensión que afecte á licenza administrativa en vigor, acordada en vía xudicial ou administrativa, serán causa para denegar a expedición doutra nova ou a súa renovación ata que aquelas sexan levantadas.

A obtención da licenza para a tenencia de animais salvaxes en cativeiro, considerados como potencialmente perigosos, requirirá, ademais dos requisitos anteriores, a presentación dunha memoria descritiva das instalacións e das medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais. A devandita memoria deberá estar subscripta por veterinarios, biólogos ou outros facultativos superiores ou medios nos que nos seus plans de estudos quede acreditado o coñecemento ou estudo de etoloxía animal.

REXISTROS

Artigo 5º

Os titulares da licenza municipal deberán inscribirse no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos no prazo de quince días contados a partir da obtención da licenza.

Así mesmo, no prazo máximo de 15 días, os responsables de animais inscritos no rexistro deberán comunicar calquera cambio de residencia permanente ou por máis de tres meses, a esterilización, enfermidade ou morte do animal, así como calquera incidencia destacable en relación co comportamento ou situación do animal, sen prexuízo de que a Administración, de oficio, practique a anotación das circunstancias de que teña coñecemento polos seus medios, por comunicación doutras autoridades ou por denuncia de particulares.

No rexistro faranse constar os seguintes datos:

1. Datos persoais do posuidor:



- Nome e apelidos; ou razón social
- DNI ou cédula de identificación fiscal
- Enderezo habitual
- Teléfono de contacto
- Título ou actividade pola que está en posesión do animal (propietario, criador, tenedor, etc)
- Número de licenza o data de expedición

Datos do animal:

B.1- Datos identificativos

- Idade
- Especie
- Raza
- Características externas e número de microchip
- Lugar habitual de residencia
- Función/aptitude do animal: compañía ou garda, defensa, caza

Incidencias:

C.1- Calquera incidente producido polo animal ó longo da súa vida xa sexa declarado polo solicitante da inserción ou coñecido polo Concello a través de autoridades administrativas ou xudiciais, ou por denuncia de particulares.

C.2- Comunicacions presentadas polas entidades organizadoras de exposicións de razas caninas sobre exclusión do animal por demostrar actividades agresivas ou perigosas.

C.3- Comunicacions recibidas sobre a venda, traspaso, doazón, roubo, morte ou perda do animal, indicando, de ser o caso, o nome do novo tenedor.

C.4- Comunicacions recibidas sobre o traslado do animal a outra comunidade autónoma sexa con carácter permanente ou por período superior a 3 meses.

C.5- Certificado de sanidade do animal expedido pola autoridade competente, que acredite, con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidade ou trastornos que o fagan especialmente perigoso, con indicación da autoridade que o expide.



C.6- Tipo de adestramento recibido polo animal e identificación do adestrador.

C.7- A esterilización do animal, con indicación de se é voluntaria, a petición do titular ou tenedor do animal, ou obrigatoria, con indicación da autoridade administrativa ou xudicial que ditou o mandato ou resolución, así como o nome do veterinario que a practicou.

C.8- Morte do animal, xa sexa natural ou por sacrificio certificado polo veterinario ou autoridade competente, con indicación, en ambos os dous casos, das causas que a provocaron. Coa morte do animal procederá a pechar a súa ficha no rexistro.

Todas as altas, baixas ou incidencias que se inscriban no Rexistro Municipal serán comunicadas ó Rexistro Galego de Identificacións de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos, no prazo máximo de 15 días, contados dende a inserción no Rexistro Municipal.

OBRIGAS DOS PROPIETARIOS OU TENEDORES

Artigo 6º

Artigo 6. A Obriga de identificación.

Os propietarios, criadores ou tenedores dos animais terán a obriga de identificalos cun microchip nos seus tres primeiros meses de vida ou nun mes despois da súa adquisición.

A identificación consistirá na implantación dun microchip ou transponder portador dun código alfanumérico de número de díxitos tal que sexa único para cada animal.

A implantación do código será efectuada por un veterinario, nomeado para o efecto pola Consellería de Medio Ambiente.

Artigo 6.B Obrigas en materia hixiénico-sanitarias

Os propietarios, criadores ou tenedores deberán manter os animais que estean baixo a súa custodia en axeitadas condicións hixiénico-sanitarias e cos cuidados e atencións necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e características propias da especie ou raza do animal, en cumprimento da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993.

O propietario, criador ou tenedor dun animal que agrida a persoas ou a outros animais causándolles feridas de mordedura, será responsable de que o animal sexa sometido a recoñecemento dun veterinario en exercicio libre da profesión, en dúas ocasións dentro dos quince días seguintes a agresión. Neste recoñecemento o veterinario responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de enfermidade infecto-contaxiosa.

Artigo 6.C Obrigas en materia de seguridade cidadá



Os propietarios, criadores ou tenedores de animais potencialmente perigosos terán a obriga de cumprir todas as normas de seguridade cidadá, establecidas na lexislación vixente é na lexislación sobre protección animal de Galicia, de xeito que garantan a óptima convivencia destes animais cos seres humanos e se eviten molestias á poboación, e en particular as seguintes:

As instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos deberán reunir como mínimo as seguintes medidas de seguridade

- 1.1. As paredes e valados serán suficientemente altos e consistentes e deberán estar fixados co fin de soportar o peso e a presión do animal, evitando as fuxidas.
- 1.2. As portas das instalacións deben ser resistentes e estar desafiadas para evitar que os animais poidan abrir os mecanismos de seguridade, sen producirilles danos.
- 1.3. O recinto estará sinalado coa advertencia de que se atopa dentro un animal potencialmente perigoso, indicando a especie de raza deste.
 - 1.3.1. Queda totalmente prohibido que o animal poida sacar parte do seu corpo, tales como a cabeza ou as patas, feitos que poidan causar danos ou alarma.

Os propietarios dos inmobles onde se alberguen os animais potencialmente perigosos deberán realizar os traballos e obras precisos para manter neles, en todo momento, as condicións imprescindibles de seguridade adecuadas á especie e raza dos animais, sendo este requisito necesario para a obtención das licenzas administrativas que se regulan nesta ordenanza.

A autoridade municipal poderá ordenar en todo momento os traballos e obras necesarios para a dita finalidade, e no suposto de non dar cumprimento a isto, procederá a revogación da licenza tras o expediente administrativo instruído ó respecto.

A presenza e circulación en espazos públicos, que se reducirá exclusivamente ós cans, deberá ser sempre vixiada e controlada polo titular da licenza sobre eles, co cumprimento das normas seguintes:

1. Levarán buceiro homologado e axeitado para a súa raza.
2. Irán atados con cadea ou correa non extensible de lonxitude non superior a dous metros.
3. Non poderán ser conducidos por un menor de 16 anos.
4. Deberase evitar que os animais se aproximen ás persoas a distancia inferior a un metro, agás co consentimento expreso daquelas.
5. Evitarase calquera incitación ós animais para arremeter contra as persoas ou animais.



Artigo 6.D Obriga de comunicación ó Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos

Nos seguintes supostos:

- 1- Os propietarios de animais potencialmente perigosos deberán comunicar ó rexistro a realización da castración ou esterilización do animal, se esta se producise, para o que remitirán copia da certificación veterinaria correspondente que acredite este feito.
- 2- Os incidentes por animais potencialmente perigosos ó longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais (fundamentalmente centros de saúde, hospitais, centros públicos e comisarías) faranse constar na folia de rexistro de cada animal, que se cancelará coa súa morte, certificada polo veterinario ou autoridade competente.
- 3- O traslado dun animal potencialmente perigoso doutra comunidade autónoma á Comunidade Autónoma de Galicia, sexa con carácter permanente ou por período superior a tres meses, obrigará o seu propietario a efectuar a inscrición oportuna no Rexistro Galego de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos.
- 4- Os propietarios deberán comunicar calquera variación dos datos do rexistro, no prazo de quince días desde que se producira a modificación que proceda rexistrar, excepto nos incidentes de agresión, nos que a comunicación será inmediata.

Cando as circunstancias así o aconsellen poderanse establecer excepcións ó cumprimento de determinadas obrigas dos propietarios nos casos de:

- a) Organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha función social.
- b) Explotacións agrarias que utilicen cans de garda, defensa e manexo de gando, así como actividades de carácter cinexético.
- c) Probas de traballo e deportivas co fin de seleccionar os exemplares que participan nelas e que están autorizados e supervisados pola autoridade competente, con exclusión dos exercicios para pelexas e ataque.

O director xeral de Conservación da Natureza poderá establecer excepcións mediante resolución motivada, tras a solicitude e xustificación do interesado e logo do informe dun adestrador ou veterinario, sempre que quede garantida a seguridade cidadá e o benestar animal.

INFRACCIÓNS

Artigo 7º

1. Terán a consideración de infraccións administrativas de carácter moi grave:



- 1.1. Abandonar un animal potencialmente perigoso de calquera especie, entendéndose por animal abandonado o que non vai acompañado de persoa ningunha aínda cando estea preceptivamente identificado.
- 1.2. Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licenza.
- 1.3. Vender ou transmitir por calquera outro título un can ou animal potencialmente perigoso a quen careza de licenza.
- 1.4. Adestrar animais para activar a súa agresividade ou para finalidades prohibidas.
- 1.5. Adestrar animais potencialmente perigosos por quen careza do certificado de capacitación.
- 1.6. A organización ou celebración de concursos, exercicios, exhibicións ou espectáculos de animais potencialmente perigosos, ou a súa participación neles, destinados a demostrar a agresividade dos animais.

Terán a consideración de infraccións administrativas de carácter grave:

- a) Deixar solto un animal potencialmente perigoso ou non adoptar as medidas necesarias para evitar a súa escapada ou extravío.
- b) Incumprir a obriga de identificar o animal.
- c) Omitir a inserción no rexistro
- d) Atoparse o can potencialmente perigoso en lugares públicos sen bozo ou non suxeito con cadea.
- e) O transporte de animais potencialmente perigosos con vulneración do disposto no artigo 10 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico, da tenencia de animais potencialmente perigosos.
- f) A negativa ou resistencia a subministrar os datos e facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou axentes, en orde ó cumprimento de funcións establecidas na Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como subministrar información inexacta ou documentación falsa.

Terán a consideración de infraccións administrativas de carácter leve, o incumprimento de calquera das obrigacións establecidas nesta ordenanza non comprendidas nos apartados anteriores.

SANCIÓNS

Artigo 8º



1. As infraccións sinaladas nos artigos anteriores serán sancionados con multas establecidas na Lei 501/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos.

As infraccións graves ou moi graves poderán levar aparelladas como sancións accesorias a confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licenza para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

2. Os órganos competentes para sancionar, de acordo cos artigos 24.2º da Lei 1/1993, do 13 de abril, serán:
 - a) por infraccións leves, o alcalde do concello onde se produza a infracción.
 - b) por infraccións graves, o director xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente.
 - c) por infraccións moi graves, o conselleiro de Medio Ambiente.

Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, a Administración local ou autonómica poderán proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisional durante a tramitación do procedemento sancionador.

3. Procedemento sancionador

- 3.1. O coñecemento polo concello, xa sexa de oficio ou por denuncia de particulares, da comisión de calquera das infraccións especificadas no artigo anterior e que afecte ó seu ámbito de competencias, dará lugar á incoación de expediente sancionador que se axustará ós principios da potestade sancionadora contidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e que se tramitará de acordo co establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da dita potestade.
- 3.2. Se a infracción coñecida polo Concello afecta ó ámbito de competencias propia da comunidade autónoma, darase inmediato traslado ó órgano competente desta do documento ou da denuncia que o poña de manifesto para os efectos de que se exerza a competencia sancionadora.
- 3.3. Nos supostos no que as infraccións poidan ser constitutivas de delito ou falta, darase traslado inmediato dos feitos o órgano xurisdiccional competente.
- 3.4. O Concello poderá comisar os cans potencialmente perigosos dende o mesmo momento no que existan indicios racionais de infracción de carácter grave ou moi grave.



O comiso terá carácter preventivo ata a resolución do correspondente expediente sancionador, que, en todo caso, deberá determinar o destino final que deba darselles ós animais comisados.

Os gastos polo comiso serán de conta de quen cometa a infracción.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira: as normas contidas nesta ordenanza son complementarias da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, do Ministerio da Presidencia, Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, da Consellería de Medio Ambiente, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.

Segunda: esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.”

San Cibrao das Viñas, 22 de novembro de 2002

A ALCALDESA

Asdo.: Elisa Nogueira Méndez